



Resolución definitiva dos centros docentes seleccionados para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, “English Week”, no curso 2016/2017 correspondentes ao 6º curso de Educación Primaria.

Con data 29 de setembro de 2016 procedeuse á exposición pública, no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es>), da resolución provisional dos centros seleccionados de sexto de Educación Primaria beneficiarios da convocatoria de actividades de inmersión en lingua inglesa “English Week”, xunto coas quendas primeira, segunda e terceira correspondentes, así como os centros que quedan como suplentes e os centros excluídos, abríndose un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos do artigo 9.4 da Orde de 12 de xullo de 2016.

Unha vez transcorrido o prazo establecido para as reclamación e renuncias e segundo os termos establecidos no artigo 9.4 da Orde de 12 de xullo de 2016 (DOG de 28 de xullo) pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria , faise pública a resolución definitiva dos centros seleccionados de sexto de educación primaria, xunto coas quendas primeira, segunda e terceira correspondentes, así como os centros que quedan como suplentes e os centros excluídos, de acordo co anexo que se xunta.

Santiago de Compostela 5 de outubro de 2016

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Asdo: Manuel Corredoira López